

PRESENTACIÓN DO EVENTO:

Comprácenos presentarlles a **X Andaina Solidaria. Os Camiños da Memoria**. Andaina que dende AGADEA estamos a organizar con especial ilusión e agarimo, con esperanzas de acadar un éxito de participación semellante ao obtido na pasada edición. Dirixida a todos os públicos, dende nenos a maiores, esta andaina transcorrerá, entre o lusco e o fusco, nun entorno privilexiado do Concello de Ribeira.

ESTA INICIATIVA NACE DA NECESIDADE DE LOGRAR UNHA MAIOR CONCIENCIACIÓN SOCIAL SOBRE A ENFERMIDADE DE ALZHEIMER.

TRATANDO DE FACER VISIBLES Á POBOACIÓN AS NECESIDADES E DIFICULTADES QUE PRESENTAN AS PERSOAS CON ESTA PATOLOXÍA.

FOMENTAR CONDUTAS MÁIS TOLERANTES E SENSIBILIZAR SOBRE A SITUACIÓN QUE XERA A ENFERMIDADE NA CONTORNA FAMILIAR.

PROGRAMA DO EVENTO:

18.30 horas: Convocatoria para a recollida de camisetas.

19:15 horas: Música Tradicional

19.45 horas: Acto inauguración andaina

20.00-22.00 horas: Comezo da andaina e avituallamento intermedio.

22.00-23.30 horas: Pinchos e concerto de Gramola

INFORMACIÓN TÉCNICA DA ANDAINDA:

Día: Venres 28 de Agosto

Hora: 20.00h

Saída e chegada: Plaza García Bayón

Información:

–AGADEA. Rúa Cardenal Cisneros,1 ENT (Centro de Día)

Inscripción/Doazóns:

–Plataforma dixital: EMESPORT

–Whatsapp/ telefónica: 672 705 053

–Presencial: Centros Agadea Área do Barbanza

Distancia: 8km

Dificultade: Baixa.

Custe da participación: 7€

Data límite de inscrición: Mércores 26 de agosto

Organizan: AGADEA

Deseño do percorrido: Sachacamiños

Colaboran: Concello de Ribeira

REGULAMENTO:

Percorrido:

- O percorrido transcorrerá por sendas debidamente sinalizadas.
- O percorrido contará, durante os seus 8km, con guías.

Participantes:

- Os/as membros da organización teñen potestade para retirar da proba a calqueira participante si consideran que a condición física ou a súa actitude o require.
- Os/as participantes están obrigados a respetar as regras de circulación nos tramos e cruces de carreteras.
- Os/as participantes están cubertos por un seguro de accidentes deportivo.
- Os/as participantes asumen que existe o risco dun accidente, e está nas súas mans prever e minimizar ese risco evitando unha actuación que o poña en perigo a el ou a terceiros.
- Os/as participantes deben empregar con dilixencia os equipos de protección propios adecuados ademais daqueles que a organización considere obrigatorios. Os equipos de protección deben empregarse sempre coa finalidade e uso que foron deseñados.
- Os/as participantes son responsables daquelas accións que causen un dano moral, material ou físico a outros participantes e a terceiras persoas.
- Os/as menores de 16 anos deberán ir debidamente acompañados dun maior.
- Cada participante é o responsable de localizar e seguir aos guías.
- Os/as participantes autorizan á organización a utilizar a imaxe fotográfica ou videográfica dos mesmos durante

a proba e a súa vinculación co evento.

Material:

- É obrigatorio o emprego de iluminación con autonomía suficiente para o seu uso durante as horas nocturnas da proba.
- É recomendable antes de tomar a saída portar un bidón ou recipiente con líquido e en cantidade suficiente que permita chegar aos avituallamentos.
- É recomendable levar un teléfono móbil con batería e saldo para estar en contacto coa organización si fora preciso.
- É obrigatorio levar roupa axeitada ás condicións climatolóxicas reinantes no día da andaina.
- A organización non se responsabiliza do deterioro, perda, ou extravío do material empregado.

Inscricións:

- **Prazo de inscrición** ábrese o 27 xullo ata o 26 de agosto
 - A través da ligazón.

No seu defecto, facilitarase a inscrición de xeito Presencial nos Centros Agadea da área do Barbanza.

- **O Donativo da inscrición é de 7 €.** O pagamento efectuarase no momento da inscrición.
- A inscrición dá dereito a participar na andaina, cobertura do seguro e acceso aos avituallamentos intermedio e final.
- A non participación ou retirada da andaina non implica a devolución do importe.
- A petición de inscrición implica o recoñecemento por parte do participante que dispón da capacidade física e psicolóxica para participar neste tipo de evento.
- A inscrición na andaina implica a aceptación do presente regulamento sen reservas.

Avituallamentos:

- A organización disporá de avituallamento intermedio.
- Disporase dun avituallamento final líquido e sólido
- A organización disporá de recipientes para depositar os restos e envases.

Outras consideracións:

- Calquer outra disposición non recollida neste regulamento resolveraa a organización. Non cabendo recurso.
- A organización resérvase o dereito a modificar os percorridos, ou incluso a suspender a andaina de existir algunha alerta meteorolóxica e/ou o aconsellen as autoridades.
- Calquer tipo de reclamación deberá ser realizada inmediatamente despois do remate da andaina para non entorpecer o desenvolvemente da mesma.
- AGADEA non se fai responsable dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta andaina.
- O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.